

Resolución reitoral pola que se convocan premios aos expedientes académicos con mellores cualificacións nos mestrados universitarios no curso académico 2023/2024.

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Universidade de Vigo de acordo coas comisións académicas dalgúns dos mestrados impartidos quere motivar ao estudantado universitario na mellora do seu currículo a través do recoñecemento ao mérito e o esforzo no estudo.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo*, do sistema universitario e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, premios aos expedientes académicos coas mellores cualificacións dalgúns dos mestrados da Universidade de Vigo, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, a data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



CSV : GEN-05a0-742d-255c-9d8f-7ae8-4912-b759-ced6

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 07/10/2024 09:56 | NOTAS : F

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE PREMIOS AOS EXPEDIENTES ACADÉMICOS COAS MELLORES CUALIFICACIÓNS PARA O ESTUDANTADO DOS MESTRADOS UNIVERSITARIOS NO CURSO ACADÉMICO 2023/2024**1. OBXECTO**

Estes premios teñen por obxecto recoñecer e incentivar ao estudantado con aproveitamento académico excelente nos mestrados universitarios que se detallan de seguido.

Convócanse:

- 1 premio no mestrado en Desafío das Cidades
- 3 premios no mestrado en Dirección e Planificación do Turismo Interior e da Saúde
- 3 premios no mestrado en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións
- 2 premios no mestrado en Lingüística Aplicada

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode participar nesta convocatoria o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado na Universidade de Vigo no curso 2023/2024 nalgún dos seguintes mestrados universitarios:
 - Desafío das Cidades
 - Dirección e Planificación do Turismo Interior e da Saúde
 - Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións
 - Lingüística Aplicada
- b) Presentar e superar o Traballo fin de mestrado no curso 2023/2024

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, de 17 de novembro*.

3. COMPATIBILIDADES

Os premios que se establecen nesta convocatoria serán compatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. O importe máximo do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 2.600,00 € para o que se achegan os correspondentes certificados de existencia de crédito.

Os fondos destinados a estes premios irán con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

- 2024 0019 111LP42 482.12, por 600€ para o mestrado universitario en Desafío das Cidades.
- 2024 0018 111LP81 482.12, por 750€ para o estudantado do mestrado en Dirección e Planificación do Turismo Interior e da Saúde.
- 2024 0005 111LP39 482.12, por 750€ para o estudantado do mestrado en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións.



CSV : GEN-05a0-742d-255c-9d8f-7ae8-4912-b759-ced6

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 07/10/2024 09:56 | NOTAS : F

- 2024 0005 111LP37 482.12, por 500€ para o estudantado do mestrado en Lingüística Aplicada.

2. A contía máxima de cada premio será:

- 600 € no mestrado en Desafío das Cidades
- 250 € no mestrado en Dirección e Planificación do Turismo Interior e da Saúde.
- 250 € no mestrado en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións.
- 250 € no mestrado en Lingüística Aplicada.

3. O pagamento do premio efectuarase mediante transferencia á conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria na súa solicitude e da que deberá ser titular. Esta contía está suxeita á retención de IRPF que estableza a normativa vixente nesta materia.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán cubrir o **formulario en liña** no seguinte enlace

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/13655 **descargalo e presentalo na Sede Electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da instancia xenérica (SXER) existente na sede, poñendo en **asunto** “Premios aos mellores expedientes académicos nos mestrados”, achegando unicamente o formulario coa solicitude.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes: https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_rexistro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para os interesados neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, se lle solicitará que a presente de xeito electrónico.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e finaliza o **24 outubro de 2024**, ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. No caso do Mestrado en Desafío das Cidades e Mestrado en Dirección e Planificación do Turismo Interior e da Saúde, xunto coa solicitude deberán subir a seguinte documentación ao formulario en liña (non hai que subir a documentación á Sede Electrónica):

- Currículo
- Cursos acreditativos de coñecementos relacionados co plan docente do mestrado.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.



As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin presentarán o **formulario de alegacións** existente na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

Mestrado en desafío das cidades:

- Nota media do expediente académico do mestrado: 70%
- Currículo relacionado cos estudos (cursos e seminarios acreditativos de coñecementos relacionados co plan docente do mestrado, outras actividades): 30%

Mestrado en dirección e planificación do turismo interior e da saúde:

- Nota media do expediente académico do mestrado: 70%
- Currículo relacionado cos estudos (cursos e seminarios acreditativos de coñecementos relacionados co plan docente do mestrado, actividade profesional no ámbito turístico, outras actividades): 30%

Mestrado en estudos ingleses avanzados e as súas aplicacións:

- Nota media do expediente académico do mestrado

Mestrado en lingüística aplicada:

- Nota media do expediente académico do mestrado: 60%
- Nota obtida no traballo final de mestrado: 40%

Tendo en conta o obxecto da convocatoria, no caso de que o número de persoas admitidas sexa inferior ao de bolsas convocadas e dado que non existe puntuación mínima para a selección, aplicarase o procedemento abreviado establecido no artigo 22 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que a Sección de Axudas e Bolsas formulará directamente a proposta de concesión á vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade sen necesidade de que interveña a comisión de selección.

A comisión de avaliación será a Comisión Académica de cada mestrado.

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das compoñentes non pode asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con premio concedido, denegado** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar as alegacións no prazo de **cinco días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o **formulario de alegacións** na Secretaría Virtual.

3. Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, quen adxudicará os premios mediante a correspondente resolución.



As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con premio concedido e a súa contía, con premio denegado e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos da notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaría virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión do premio á seguinte persoa da lista de agarda previa resolución.

8. OBRIGAS

As persoas beneficiarias deben de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que lle sexan de aplicación.

9. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro dos premios:

1. Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
2. A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.



10. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:
[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)



CSV : GEN-05a0-742d-255c-9d8f-7ae8-4912-b759-ced6

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 07/10/2024 09:56 | NOTAS : F